

## PROVIDENCIA DA ALCALDÍA

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de novembro de 2022, con expediente 2021/SE068-004, aprobouse o expediente para a licitación, mediante poxa e licitación electrónica, da concesión administrativa de varios postos vacantes nos mercados de Marín e de Seixo.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 1 de marzo de 2023, declarouse deserta a licitación respecto do Lote 8, correspondente ó Posto 1316, na praza de abastos de Marín, debido a que a licitadora retirou a súa oferta e non existindo máis licitadores respecto deste lote.

En data 6 de marzo de 2023, a adxudicataria do local número 1324 do anexo norte da Praza de abastos de Marín, presentou solicitude de permuta de dito local polo sinalado co número 1316.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de decembro de 2023, aprobouse o expediente para a licitación, mediante poxa e licitación electrónica, da Concesión administrativa dos postos vacantes nos mercados de Marín e Seixo seguintes:

- Praza de Abastos de Marín: 1012, 1144, 1224 e 1316.
- Mercado de Seixo: Posto 1, Posto 2, Posto 6 e Posto 8.

En data 6 de febreiro de 2024 (corrección de erros de data 7 de febreiro de 2024), mediante Resolución de Alcaldía, accedeuse á solicitude da titular do local número 1324, de permuta polo posto 1316, pasando a declararse deserto o local con número 1324.

Visto o que antecede, faise preciso modificar a listaxe de postos vacantes a licitar no expediente aprobado en data 14 de decembro de 2023, excluíndo o posto 1316 e incluíndo o posto 1324.

En base ao disposto no artigo 58 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e 165.1 a) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro;

## DISPOÑO

- 1.- Iniciar a tramitación para a modificación do expediente para a licitación, mediante poxa e licitación electrónica, da Concesión administrativa por un prazo de trinta anos dos postos vacantes nos mercados de Marín e Seixo
- 2.- Requirir os servizos técnicos e administrativos do Concello para a modificación do prego de condicións económico-administrativas que rexerán a adxudicación do postos mediante poxa.
- 3.- Requirir os servizos de Intervención e Secretaría para a emisión dos informes oportunos

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001301FB00E812Q4C3Z5P9 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>EXPEDIENTE : 2023SE068-004</b>
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 25/03/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/03/2024 13:05:22	Fecha: 23/10/2023 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL

